Céltiga

A SANTA COMPAÑA

pol-o Dr. R. Nóvoa Santos

30 CÉNTIMOS

Céltiga

NOVELA MENSUAL ILUSTRADA

FERROL

Director:

Jaime Quintanilla

Segredario:

Fiz Álvarez do Castelo.

Adeministrador:

Manoel Morgado.

Gerente:

Ramón Villar Ponte.

REDAUTORES E COLABORADORES

Jaime Quintanilla, Antón Villar Ponte, Gonzalo López Abente, Manoel Lustres Rivas, Roberto Blanco Torres, Victoriano Taibo, Eugenio Chanlón Arias e Manoel Sánchez Hermida, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Eugenio Montes, Antón Losada Diéguez, Manoel F. Barreiro, Manoel Antonio, José Castro Rodriguez, Nicolás García Pereira, Pedro Fraga de Porto, Valentín Paz Andrade, Ramón Fernández Mato, Armando Cotarelo, Ramón Villar Ponte, Correa-Calderón, Francisca Herrera e Garrido, Eladio Rodríguez González, Roberto Nóvoa Santos, F. Cabo Pastor, Ramón Otero Pedrayo, E. Blanco Amor.

PINTORES E DIBUJANTES

Alfonso R. Castelao, Camilo Díaz Baliño, Imeldo Corral, Álvaro Cebreiro, Farruco Lamas, Carmelo, Bello Piñeiro, Valentín Castro, Jaime Prada, Manoel Abelenda, Banet Díaz-Varela, Cándido Fernández Mazas (Fer-Mazas), Núñez Carnicer.

O NÚMERO 12 DE "CÉLTIGA" PUBRICARÁ

LUAR (Cantos galáicos.)

por EVARISTO CORREA CALDERÓN

Portada de CEBREIRO

A 30 céntimos EXEMPLAR

NÚMERO 11

A SANTA COMPAÑA

TRABALLO INÉDITO

Feito adrede pra CÉLTIGA

POL-O

Dr. ROBERTO NÓVOA SANTOS

Traduzón de Xaime Quintanilla

Portada e diseños de Bello Piñeiro.

9 13988

A SANTA COMPAÑA

Aló, na lonxedade, érguese da terra un maino cintileo qu'avanta no fondo escuro da media noite. Nin unha estrela avala no ceo, nin latexa eiquí, n'iste vieiro soedoso, outro curazón que non sexa o meu. Aquil vafo lumioso qu'aboia e boliga na noite, com'unha aparizón d'alén-mundo, afigúraseme que chama caladiñamente á alguén, na pas do campo despoboado. ¿Será á mín á quen chama? ¿Ven «aquilo» cara mín, ou vai en precura d'outra persoa, d'un amigo esquecido ou d'algún descoñecido curazón?

Avanta paseniño. Aínda abesúlloo lonxe, ben lonxe; mais teño a emprensión de que s'achega, de que sinto mais vivo o cintileo e mais morno o ar que respiro. Agora, un crís de pouca dura, e logo, outra vez o cintileo, qu'asomella surdir da

mesma entrana da terra húmeda. Cando de novo vislúmoo, xa non é o vafo que dexerguei fai un anaco. Párceme que n'aquil neboeiro de lus cállanse uns puntiños mais cintileantes, como lucernas que camiñan penduradas do ceo por fíos invisibres. Son numerosas lucernas roxizas que van de riola, por ría descoñecida, cara un mundo de misterio. ¿Quén anima á istes novos vagalumes e que forza fainos saire dos cornellos do chan, pra se pasearen á media noite, aturando o orvallo e a friaxe? Tantas faíscas, ¿de qué fogueira guindáronse y-en que palleiro han caire, pra convertiren en labarada as gavelas ateigadas de grau?... Dirixo ao meu curazón istas trubadoras perguntas, e coido escoitare a resposta n'istas verbas que chegan á os beizos: «¡A Santa Compaña!».

Trubado pol-a aparizón berrei á aquiles silandeiros busáns que responderan ás miñas perguntas. Ao comén coidei que bulrarianse de mín, ou cando non, que non repricarían ao meu requerimento, posto que seguían impertrubabels o seu camiño; mais ben axiña soupen qu'entendíanme e qu'axeitábanse á amainar a miña ansiedade.

O Viaxeiro

Decideme: ¿De onde vides e por qué escolledes a hora da media noite pra os vosos paseios?

O Espeutro da Santa Compaña

Coidades que sempre facemos os nosos paseios á media noite e profesades un erro. A todal-as horas do día e da noite vagamos por istes campos, pois a nosa mensión é remexernos de cote, furar todol-os recunchos e voltarmos logo ao noso acochamento que é o acochamento de todos. Se no-nos vedes pol-o día, tampouco dexergades a lus das estrelas cando cintilea o Sol n'hourizonte, e, emporiso, as estrelas, coma nós, están de cote apresas no ceo. No-nos vedes, e, escadasí, crusamos á todal-as horas sobr'as vosas testas.

O Viaxeiro

Segue, xa que és a voz da Sabencia!

O Espeutro da Santa Compaña

Das campas e do seo da terra salvaxe, nai de todo, só érguese un anaco d'iste cintileo que chega á os teus ollos; outra parte pertenéceche, e hai eiquí, sin que poidas sospeitalo, rastos e pensa-

mentos que tí mesmo labraches e fuches espallando durante a eisistenza. Si a túa ollada fose d'abondo fiteira, dexergarías eiquí rafas d'amigos, de xente coñecida, de seres que viven ao teu rente, baixo o teu mesmo teito, na mesma terra que tripas. Tamén hai eiquí frangullas ecplasmadas de difuntos e de seres qu'arrastan aínda a súa cadea de osos e carne latexante. Pro como fundíndoo todo, hai unha chama inicial, a mais potente, e, emporiso, a menos visíbel, qu'eisiste dende a eternidade e que é a madroca d'onde sairon estas lucernas que dexergas. Non coides, ¡ou viaxeiro sorpreso!, que o desvaído cintileo qu'ollas diante de tí déitase dos busáns: son as lucernas as que saen da entrana da lus.

O Viaxeiro

Xa que m'ábrel-a intelixenza ao decatamento d'unha nova vida, ¿quéres me decire cal é a vosa oura, e cara onde camiñades n'iste intre?

O Espeutro da Santa Compaña

A nosa oura é vagar, vagar á reo. Aínda que me ollas eiquí, estou eiquí y-en todas partes, ano-

vándome sempre e alumeando eternamente o camiño da Vida. O que sí, iñoro porqu'os homes recéianme e porque semento pavor entr'as xentes coas que tropezo ao hachar, pois endexamais fíxenlles o dano mais levián, nin siquera «podería» facérllelo pol-a razón de que non dispoño de palancas pra trocal-a órbita da vosa eisistenza. Dempois de todo, a temencia ou a sorpresa qu'esprementades cando desfía esta procisión de lucernas, non é mais que o abraiamento e a ansiedade diante de vós mesmos.

Direiche agora que n'iste intre imos agardare á un novo compañeiro qu'está pelexando pra crebal-os vencellos qu'o coutan â carne. ¡Unha lucerna mais que ven á se sumare â nosa procisión!

O Viaxeiro

E unha vez que s'engada â vosa procisión ¿cara onde vos dirixides?

O Espeutro da Santa Compaña

¡Cala!... ¿Non dixen xa qu'endexamais nos recollemos nas campas? ¿Seica non dixen que vagábamos sempre?

O Viaxeiro

Unha derradeira pergunta. ¿Qu'eisistenza levades; que praceres e que delores abránguenvos?

O Espeutro da Santa Compaña

Por mais que chegan ao noso mundo delores e ledicias que non atinades, nin nos firen nin nos acariñan. ¡É o mundo da eterna Indifrenza!... Adivirtímonos en xogos iñocentes; en poñer á proba o voso valor, a vosa serenidade; en penetral-a vosa y-alma, pra vos revelar algún segredo ou pra vos dare algunha nova sobre os vosos amigos ausentes; en nos embrullare n'unha túnica de lus pra afuxental-os ladrós que rouban en despoboado...

¡Adeus! Os teus amigos non che han creere si lles refires istas verbas que ves d'ouvire.

Calou a voz. Durante algún tempo seguín vendo como s'aleixaban, afundíndose na escuridade, aquilas misteriosas procisionarias. Os cris sucedianse sin ritmo algún; logo, voltaba á aparescer o cintileo, e, pouco dempois, surdían os puntiños roxizos. Ao cabo, todol-os vagalumes cállanse n'un espazo cativo. Ólloos erguerse, afundirse y-esbo-

rrallarse paseniño; algúns apáganse, pra cintilearen súpetamente de novo. E como unha danza na que non dexergo figuras nin ritmo. Sopra unha racha témera, e á iste pulo desvaise a lus. Se non abesullan xa as lucernas que esbararon sobre a terra. E agora, recollido n'ista fonda escuridade, chega deica mín o ouveo d'un can que ladra á morte, e que segue ritmando a súa fúnebre orazón namentres aléixome.



Camiño adiante, tropezo na estrada c'un home que parce morto. Asáltame o tremor de qu'iste home poida roubarme ou m'asesinar aínda dimpois de morto, n'iste lugar soedoso e á unha hora na que só a Santa Compaña arríscase á paseiare os seus espeutros de lus. Aínda eisí, abáixome deica íl, estrego as suas sens, golpexo no seu peito e chámoo á berros. Sinto agora o seu respiro; deschoie as pálpebras e treme. Axúdoo á s'erguere, e íl óllame con ollos desviados.

—¿Qué che pasou? Supoño—díxenlle—que á ísta hora, e n'iste lugar, só vaise en precura d'un médico ou d'un crego, pr'asistir á un malado ou recoller a derradeira confesón d'un moribundo. E se non, vaise ou vóltase de visitar â muller á quen se quere.

—Non—respondeu o privado—mais que coa voz, c'un movemento da testa.

—A ista hora—insistín—só atópase eiquí á unha persoa que vai ou ven de cumprir unha d'isas mensiós. Pol-a contra, coido que és un salteador de camiños.

—Eisí é, señor. Saín pra gañarme o sustento, arriscándome.

—Eu poido axudarte. Fala.

—¡Sí vostede vira!... Vínnos; ouvín as suas cántigas; tundáronme e abandoáronme logo na estrada. ¡Creio en Deus e mais na Santa Compaña!

Puiden ver d'aquela á lus d'un pequeno esqueiro o continente d'aquil home. Envolveito n'unha manta adiviñase un corpo rexo, tremando aínda de medo. O cráneo deforme; a fronte afundida y-estreita; a queixada ancha e angulosa; o fociño en selladouro, coas ventas amples e sesgadas; os beizos abultados, e n'iles, unha vellosidade roxa pouco mesta; os pequeneiros ollos afundidos nas cuncas; e o arco dos sobrollos, outeiros e ourizados de pugas... daban á iste home o xeito d'un animal ferós e noxento. Sinto medo diante d'ista besta humán, e aínda que decátome de qu'está baixo a emprensión d'un fondo tremor moral, xusgo asisa-

do me pôr en garda; obrígoo á se sentare sobre unha pedra, e afiúzoo pra que me refira o que pasou. Fixo entón o sinal da crus, y-encomenzou eisí:

—Primeiramente vin unha nube de fogo, e logo, á tempo que s-achegaba, puiden dexergar á os esqueletes das ánemas en pena. Eran moitos, moitos... Marchaban en silenzo, con fachas acesas nas maus descarnadas. Entre tantos só puiden recoñecere á algús que moraron, en vida, n'istes lugares. A un d'iles marráballe a perna dereita e andaba tan pandeado que recoñecín n'il á un vello curial qu'empapelou á moitos probes d'ista bisbarra; outro que tiña un burato na testa parceume Telmo, o mozo bravo qu'afundiu mais veces o seu coitelo no peito de rapaces enxeles; logo, o esquelete da meiga María, que pasaba o rosario entr'os dedos; e ao seu rente, outro esquelete de muller que levaba un neno nos brazos, e que foi en vida a muller de todos. Un esquelete outo, con dentes d'ouro, era o do cacique D. Máisimo. Alí iña tamén Diego, o comerciante, c'uns farrapos de carne apegados aínda nos osos, e na carne un enxame

de vermes; seguíalle un can, que, de cando en vez, ceibáballe unha trabada e fuxía c'un anaco d'aquela carne podre. Mais perto d'íl puiden ver á Mingos, o ladrón que desvalixou y-esganou á arrieiros e desporcatados camiñantes, e que foi o meu compañeiro e mestre. Tamén iña na procisión a tía Felisa, a muller mais rexoubeira e acaloñadora, que morreu fai pouco rilada do cáncere e a cangrena; na gayola do peito, na que víanse aínda algunhas pelerchas pardas, enroscábase unha cóbrega qu'amostraba a cachola entr'os desdentados marmelos, e revoltábanse e chiaban unhas grandes ratas mouras... A os demais non puiden recoñecelos.

—¿Non t'ollache alí á tí mesmo?—pergunteille.

—¡Piedade, señor!—sinouse, e sigueu d'iste xeito:—Acochado no foxo vín que camiñaban acolá en baixo. Cando pasaron ao meu carón só ouvía o renxer dos osos e a pancada irtia dos pés sobre as pedras do camiño. Unha das veces qu'o can apañou outro farrapo de carne que penduraba d'unha das pernas do señor Diego, iste ceibou un braco e logo un xuramento. As ratas e a cóbrega

boligaban no peito da Tía Felisa que loitaba por se librare d'ilas coas suas maus.

Vinnos amorearse acolá, ao fondo, ao rente da casa onde vive o señor Xan do Campo, o único home de curazón que vive n'istes agros, e que atópase morrendo de hidropisía. Sentín unha cántiga pedindo piedade, rachada por berros de delor. A despeito da escuridade e do aleixamento puiden dexergar â lus das fachas, catro esqueletes que tiraban un cadaleito da mesma casa do señor Xan do Campo; un dos esqueletes perdeu o equilibre e rolou o cadaleito ao chan. Do cadaleito saiu un bó can branco, que se puxo á ouvear e á trabar á eito os osos e os poucos farrapos podres d'aquiles condanados.

N'iste intre, os esqueletes guindaban as velas e botaban á correr, atolados, cara o cimiterio, no que arelaban garecerse.

Sentín pasar ao meu rente algús condanados. Un d'iles choutou por riba de mín; outro arrempuxoume fortemente, e sigueu a sua carreira á grandes zancadas. O tío Mingos, meu mestre na arte de roubar en despoboado, sentouse pé de mín

á tomar folgos, pois xa de vello sofría da asma. Aínda que il me non recoñeceu, eu, cáseque esmorente, recoñecinno axiña. Afundiu as suas maus nos meus petos, rexistrou as pregas da miña faixa, e quitoume a mostra e unhas moedas que roubara onte á noite, e logo que descansou, apertoume a gorxa e abandooume, sin sentido, no medio da estrada.

Cando vostede atopoume, estaba aínda esmorecido do grimo e do golpe. ¡Agora creio en Deus e mais na Santa Compaña!

—¿E que pensas facer dende hoxe?

—Señor, si a vida segue tan difizle como hastra agora, decidireime á entrar na cadrilla da Santa Compaña. Só d'iste xeito poderei traballar sin m'arriscare.





Á mañán, xa de volta do meu viaxe, tropezo no camiño á unha muller que leva un cadaleito mouro encolo da testa. Din co ela no mesmo lugar no que me detivera onte â noite, percisamente no canto dende o que dexergara a procisión de lucernas. Díxenlle:

—Ista noite travesou istes lugares a Santa Compaña. Eu mesmo vínna dend'eiquí, algo aleixada, e paresceume que camiñaba cara ô fondo do val.

—Ista noite—respondeu ela—levaron o Santo Viático ao tío Xan do Campo, que finou â unha da mañanciña, pouco dempois de recibir al Señor. Foi moita xente alumeando, vellos e rapaces, pois o tío Xan foi un home de curazón. O Santo Viático saíu da parroquial, qu'está acolá, da outra banda do lugar; e pra chegare cás do malado houbo qu'andar boa xeira, con mal camiño e unha

noite ben fría. Ista é a caixa pra o difunto. ¡Qué descanse na pas de Deus!

—D'aquela —díxenlle—foi esa a Santa Compañía qu'eu coidei aviscar a noite pasada.

—A Santa Compañía—repricou ela—era el Señor qu'iña no medio de tantos pecadores.

E namentras eu relembraba a visón da pasada noite, e matinaba coas verbas de ista homildosa muller, cintileaba ao Sol da mañá, aló na faldra d'unha coutada, á miña sinistra, a santidade d'unha pequena eirexa campesía; e da outra banda, no mais fondo do val, durmían aínda aquilas probes casas pardas que recibiran de preto a lus del Señor.

No sendeiro que levaba á aquilas chousas mesquinas dexerguei, por derradeira vez, a fasquía da homildosa e santa muller co mouro cadaleito sobre a testa.



Augas Mineiro-Medicinaes
:: Bicarbonatado-Sódicas ::

MONDARIZ

Fontes de GÁNDARA e de TRONCOSO
(PONTEVEDRA)

As mais alcalinas da Hespaña

PROPIEDADE dos
Sres. Fillos de Peinador

Gran Bar Europa

Vermouths - Mariscos
Fiambres - Viños e licores das millores marcas
CONFORT e LIMPEZA
REAL, 54-FERROL

Kiosko de Viuda de F. Pérez

PRAZA DE ARMAS

Venta de xornaes, boletís e revistas de toda crás.
Recíbense encárregos d'obras nacionaes y-extranxeiras

Romero Irmáns

Armacés de ferretería, vidros, pinturas, ferros, aceiros, ferramentas, sulfato de cobre, carburo de calcio, etc.

Os mais importantes e surtidos da comarca. Proveidores dos Arsenaes.

O FERROL

Xulio F. Couto e C.ª

FERRETEIRÍN E BAZAR

Baterías de cociña. Linollos. Xoguetes. Cadros e molduras. Artigos pra regalos, etc.

Real, 133 e 135 - FERROL

Vda. e fillos de Pedro Fernández

Armacén de maquinaria e materiaes eléutricos

Encárgase de toda crás de instalacións do ramo

Canalexas, 91. Ferrol

Saturnino Montalbo

Images e oujetos d'eirexa. Planos e planolas. Optica. Prateiría, mostreiría e xoyeiría. Artigos fotográficos, de caza, de viaxe y-sport, Thermos. Gramófonos e discos. Música e instrumentos musicaes.

COCHES PRA NENOS

Rua Real, 117 Ferrol.

KIOSCO CENTRAL

FERROL

(NO CANTÓN, AO PÉ DO CÁRCELE)

Regalos todol-os meses, a os que merquen n'iste kiosco

A Editorial "Céltiga"

leva pubricadas as seguintes obras:

"Alén" comedia de Xaime Quintanilla. 2 pts.

"Mal de moitos" e "Trato a cegas" parrafeos de Charlón e Sánchez Hermida, n'un tomo os dous..... 1'50 id.

E VAI PUBRICAR

"Trebón" drama de Armando Cotarelo Valledor.

"D'Outono" versos de Gonzalo López Abente.

"Alalás" versos de Euxenio Montes.

Tamén encomenzará, n'iste ano, a pubricar unha

"ESCOLMA DE LÊNDAS CELTAS"

a todo luxo, imprentadas cos derradeiros adiantos, verdadeiras obras de arte tipográfico

IMP. Y EST. "EL CORREO GALLEGO" FERROL

Biblioteca
F 17672